
Grao en Linguas e Literaturas Modernas

O italiano hoxe: lingua e cultura

2025/2026

Información

Créditos ECTS

Créditos ECTS: 6

Horas ECTS Criterios/Memorias

Traballo do Alumno/a ECTS: 99

Horas de Titorías: 3

Clase Expositiva: 24

Clase Interactiva: 24

Total: 150

Linguas de uso

Castelán, Galego

Tipo:

Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007 - 822/2021

Departamentos:

[Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana](#)

Áreas:

Filoloxía Italiana

Centro

[Facultade de Filoloxía](#)

Convocatoria:

Primeiro semestre

Docencia:

Con docencia

Matrícula:

Matriculable

Programa

Obxectivos da materia



O obxectivo principal desta materia é ofrecer aos alumnos dos programas de intercambio unha competencia gramatical e comunicativa equiparable ao nivel A1 do “Marco común europeo de referencia para as linguas” (vid. Contidos), sen esquecer os mínimos trazos culturais, para garantir un nivel comunicativo básico.

Contido



1. FUNDAMENTOS DE FONOLOXIA E GRAFIA.

1.1. Habilidades básicas de escoita, pronunciación e lectura.

2. CONTIDOS GRAMATICALES

2.1. Saudar, presentarse.

2.2. Fórmulas de cortesía.

2.3. Exclamaciones e interxeccións.

2.4. O artigo (determinativo, indefinido, partitivo).

2.5. O sustantivo (xénero e número).

2.6. Concordancia sustantivo adxectivo (cualificativo, posesivo, demostrativo)

2.7. O verbo: presente indicativo.

2.8. Verbo + preposicións simples.

2.9. Gústame / non me gusta.

2.10. Os numeros cardinais.

3. LÉXICO

Léxico común: a familia os días da semana / meses / tempadas; os animais a natureza os alimentos partes do corpo; as partes da casa; Deporte e tempo libre.

1. FUNDAMENTOS DE FONOLOGIA Y GRAFIA.

1.1. Habilidades básicas de escucha, pronunciación y lectura.

2. CONTENIDOS GRAMATICALES

2.1. Saludar, presentarse.

2.2. Fórmulas de cortesía.

2.3. Exclamaciones e interxeccións.

2.4. O artículo (determinativo, indefinido, partitivo).

2.5. O sustantivo (xénero e número).

- 2.6. Concordancia sustantivo + adxectivo (cualificativo, posesivo, demostrativo).
- 2.7. El verbo: presente indicativo.
- 2.8. Verbo + preposiciones simples.
- 2.9. Me gusta / no me gusta.
- 2.10. Os numeros cardinais.

3. LÉXICO

Léxico común: a familia os días da semana / meses / tempadas; os animais a natureza os alimentos partes do corpo; as partes da casa; deporte e tempo libre.

4. CONTIDOS CULTURAIS

- 4.1. Lingua e dialectos.
- 4.2. Italia antes e hoxe.
- 4.3. As rexións italianas.
 - 4.3.1. Italia o Norte (Piemonte, Lombardia, Veneto, Emilia-Romagna)
 - 4.3.1.1. O panorama natural e urbano
 - 4.3.1.2. Arte e cultura
 - 4.3.1.3. Gastronomía
 - 4.3.2. Italia central (Toscana, Lazio, Abruzzo)
 - 4.3.2.1. O panorama natural e urbano
 - 4.3.2.2. Arte e cultura
 - 4.3.2.3. Gastronomía
 - 4.3.3. Italia do Sur (Campania, Sicilia, Sardegna)
 - 4.3.3.1. O panorama natural e urbano
 - 4.3.3.2. Arte e cultura
 - 4.3.3.3. Gastronomía

Bibliografía básica e complementaria



1. Material proporcionado polo profesor ao principio do curso a través da USC virtual.

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTACIÓN:

2. MEZZADRI, M. / PEDERSANI, L., *Civiltà punto it. Civiltà e cultura italiana per ragazzi*, Edizioni Guerra, Perugia, 2008.

3.- Dicionarios

4.1. Dicionarios bilingües

ARQUÉS, R. - PADOAN, A., *Grande dizionario Spagnolo-Italiano Italiano-Spagnolo*, Bologna, Zanichelli, 2012.
AA.VV., *Il Dizionario MEDIO Spagnolo-Italiano Italiano-Spagnolo*, Milano, Garzanti.

CALVO RIGUAL C. – GIORDANO, A., Diccionario compacto italiano español español italiano, Barcelona, Herder, 2011.
GONZÁLEZ, I. (dir.), Dicionario Italiano-Galego, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000
<http://www.cirp.es/pub/docs/varios/dicItaGal.pdf>
4.2 Dicionarios monolingües
AA.VV., Grande dizionario di italiano, Milano, Garzanti linguistica.
Dizionario Garzanti della lingua italiana
<http://www.garzantilinguistica.it/index.html>
DE MAURO, T. (dir.), Grande dizionario italiano dell'uso, Torino, UTET, 2000, 6 voll.
Dizionario De Mauro della lingua italiana
<https://dizionario.internazionale.it/>
SABATINI, F. – COLETTI, V., DISC: Dizionario Italiano Sabatini Coletti, Milano, Rizzoli-Larousse, 2008
http://dizionari.corriere.it/dizionario_italiano/
TRECCANI online
<http://www.treccani.it/vocabolario/>
ZINGARELLI, N., Lo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana, Bologna, Zanichelli.

Competencias



Comprender e utilizar expresións familiares de uso cotián e fórmulas moi comúns para resolver necesidades concretas. Presentarse a si mesmo e ser quen de facer preguntas sobre datos persoais e responder a preguntas similares (o lugar onde se vive, as persoas que se coñecen, as cousas que se posúen). Saber ler un texto divulgativo axeitado ao nivel A1 sen cometer faltas.

Metodoloxía da ensinanza



Nas clases expositivas alternaranse explicacións de contido gramatical con lecturas e exercicios prácticos, mentres que nas clases interactivas se traballará o aspecto comunicativo da lingua mediante diálogos, coloquios situacionais, descrições, etc. En ambos os dous casos prevese a participación constante e activa dos alumnos. Na aula virtual indicaranse os argumentos do programa e os exercicios de repaso dos temas tratados en clase.

Sistema de avaliación



A avaliación para os estudantes que asistan á clase (o número de ausencias non poderá ser superior a 6 horas) será efectuada segundo os seguintes parámetros:

- Exame escrito: 60 %
- Exame oral: 30 %
- Asistencia regular e participación activa nas distintas actividades realizadas na clase: 10 %

Para os estudantes que non asistan a clase:

- Exame escrito: 70 %
- Exame oral: 30 %

Importante

1. Para poder presentarse ao exame oral, o estudante deberá obter unha nota igual ou superior a 5 no exame escrito (nota non ponderada).
2. Para superar o exame oral esixirase unha lectura correcta dun texto lido en clase e a resposta a preguntas relacionadas cos temas comunicativos previstos no programa. O profesor poderá utilizar o material (textos, fotos, artigos, etc.) que considere mais oportuno para a avaliación oral.
3. Quen supere o exame escrito, pero non o oral, na primeira convocatoria poderá manter a nota e poderá presentarse soamente ao oral na seguinte convocatoria, despois de telo comunicado ao docente.

Tempo de estudo e traballo persoal



Con esta materia acádanse seis créditos. Catro horas e media semanais de estudo persoal, ademais das tres horas de clase, deberían ser suficientes para superala.

Recomendacións para o estudo da materia



É recomendable estudar todos os días e, se é posible, ver ou escoitar películas, programas televisivos, cancións, etc. en italiano.

Observacións



Lémbrese aos alumnos que o profesor poderá porse en contacto con eles a través do enderezo de correo electrónico

que figure na súa ficha electrónica da USC.

Detállanse a continuación as adaptacións que terán lugar no caso de se dar os Escenarios 2 e 3.

Estado de alarma (plan de continxencia) Situación 2: distanciamento Metodoloxía de ensinanza Ás clases presenciais alternaranse as clases virtuais, de forma síncrona , de acordo coas disposicións propostas polas autoridades universitarias. Se fose necesario, serán utilizados os medios a disposición na aula virtual da materia e a plataforma Teams, tanto para as clases impartidas de forma non presencial coma para a entrega dos traballos válidos para a avaliación final. O sistema de avaliación non sufrirá modificacións con respecto á situación 1. Se fose necesario as probas finais levaranse a cabo de forma telemática.

Situación 3: peche das instalacións Metodoloxía de ensinanza As clases serán impartidas virtualmente e de forma síncrona. Serán utilizados os medios a disposición na aula virtual da materia e a plataforma Teams, tanto para as clases impartidas de forma non presencial coma para a entrega dos traballos válidos para a avaliación final. O sistema de avaliación non sufrirá modificacións con respecto á situación 1, pero as probas finais levaranse a cabo de forma telemática.
